

PRIMEIRO EXERCICIO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR PARA CUBRIR UNHA PRAZA DE TÉCNICO/A MEDIO/A DE TRADUCIÓN, QUENDA LIBRE E RESERVADA A PERSOAS CON DISCAPACIDADE (CL2024J)

1. Segundo o art. 27 da Constitución Española:
 - a. Todos os españois teñen dereito a un ensino gratuíto.
 - b. Todos os españois teñen dereito a un ensino libre e gratuíto.
 - c. Todos teñen dereito á educación. Recoñécese a liberdade de ensino.
 - d. Todos teñen dereito á educación. Recoñécese a liberdade e pluralidade de ensino.

2. O art. 137 de la Constitución Española establece que:
 - a. O Estado organízase territorialmente en municipios, en provincias e nas comunidades autónomas que se constitúan. Todas estas entidades gozan de suficiencia para a xestión dos seus respectivos intereses.
 - b. O Estado organízase territorialmente en municipios, en provincias e nas comunidades autónomas que se constitúan. Todas estas entidades gozan de autonomía para a xestión dos seus respectivos intereses.
 - c. O Estado organízase territorialmente en municipios, en provincias e nas comunidades autónomas que se constitúan. Todas estas entidades gozan de autonomía e suficiencia para a xestión dos seus respectivos intereses.
 - d. O Estado organízase administrativamente en municipios, en provincias e nas comunidades autónomas que se constitúan. Todas estas entidades gozan de autonomía para xestionar os seus respectivos intereses.

3. O artigo 103 da Constitución española de 1978, dispón que "A Administración Pública serve con obxectividade os intereses xerais e actúa de acordo cos principios de:
 - a. Eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación
 - b. Igualdade, xerarquía, descentralización, coordinación e concentración
 - c. Equidade, xerarquía, xustiza e liberdade
 - d. Eficacia, xerarquía, xustiza, desconcentración e coordinación

4. Segundo o art. 95 da Constitución Española, a celebración dun tratado internacional que conteña estipulacións contrarias á Constitución Española:
 - a. É nulo de pleno dereito
 - b. Implicará a derogación ou modificación automática da norma afectada
 - c. Deberá ratificarse por maioría absoluta das dúas Cámaras
 - d. Esixirá a previa revisión constitucional

5. Segundo o disposto no art. 128.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas, relativo á potestade regulamentaria:
 - a. Os regulamentos e as disposicións administrativas non poderán vulnerar a Constitución ou as Leis nin regular aquelas materias que a Constitución ou os Estatutos de Autonomía recoñecen da competencia das Cortes Xerais ou das Asembleas Lexislativas das Comunidades autónomas.
 - b. Os regulamentos poderán tipificar os delitos e as faltas administrativas previstas nas leis.
 - c. No exercicio da iniciativa lexislativa e a potestade regulamentaria, as Administracións públicas actuarán de acordo cos principios de necesidade, eficiencia, proporcionalidade e economía
 - d. Cando a iniciativa afecte aos gastos ou ingresos públicos presentes ou futuros deberanse cuantificar e valorar as súas repercusións e efectos e supeditarse ao cumprimento dos principios de estabilidade económica e sostenibilidade financeira.

6. De acordo co artigo 25.3 da Lei 40/2015, de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público, os principios da potestade sancionadora contemplados nesta norma (Capítulo III do Título Preliminar):
 - a. Son extensivas ao exercicio polas Administracións Públicas da súa potestade disciplinaria respecto do persoal ao seu servizo, calquera que sexa a natureza xurídica da relación de emprego.
 - b. Non son extensivas ao exercicio polas Administracións Públicas da súa potestade disciplinaria respecto do persoal ao seu servizo.
 - c. Son extensivas ao exercicio polas Administracións Públicas da súa potestade

disciplinaria respecto do persoal ao seu servizo, cando a natureza xurídica da relación de emprego sexa a de funcionario de carreira, non así a funcionarios interinos ou persoal laboral.

- d. Son extensivas ao exercicio polas Administracións Públicas da súa potestade disciplinaria respecto do persoal ao seu servizo, cando a natureza xurídica da relación de emprego sexa a de funcionario, xa sexa de carreira ou interino, non así o persoal laboral

7. Segundo o artigo 15 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de Riscos Laborais, cal dos seguintes non é un principio de acción preventiva:

- a. Evitar os riscos.
- b. Eliminar os riscos moi perigosos.
- c. Combater os riscos na súa orixe.
- d. Dar as debidas instrucións aos traballadores.

8. O artigo 8 da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, considera a discriminación por maternidade:

- a. Directa por razón de sexo.
- b. Indirecta por razón de traballo.
- c. Directa ou indirecta.
- d. Circunstancial por motivos laborais.

9. A Lei que regula a Protección de Datos Persoais e a garantía dos dereitos dixitais é a:

- a. Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro.
- b. Lei Orgánica 49/2002, de 14 de febreiro.
- c. Lei Orgánica 7/2015, de 20 de abril.
- d. Lei Orgánica 12/2020, de 7 de setembro.

10. Que funcionarios se integran na subescala de servizos especiais?
- a. Os que desenvolvan tarefas que requiren unha aptitude específica
 - b. Os que están en posesión de determinados títulos académicos ou profesionais
 - c. Aqueles cuxas actividades se dirixan a satisfacer necesidades de carácter periódico e discontinuo
 - d. As que ocupen postos de traballo no estranxeiro con funcións administrativas de trámite e colaboración
11. Indique a resposta incorrecta, segundo o artigo 63 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, son causas de perda da condición de funcionario de carreira:
- a. A perda da nacionalidade.
 - b. A xubilación total do funcionario.
 - c. A renuncia á condición de funcionario.
 - d. A condena xudicial.
12. O art. 38 da Lei 40/2015, de 1 de outubro de 2015, de réxime xurídico do sector público, define a sede electrónica como:
- a. Aquela dirección electrónica dispoñible, para os cidadáns a través de redes de telecomunicacións, cuxa titularidade corresponde a una Administración Pública, ou ben a unha ou varios organismos públicos ou entidades de Dereito Público no exercicio das súas competencias
 - b. O punto de acceso electrónico cuxa titularidade corresponde a unha Administración Pública, organismo público ou entidade de Dereito Público que permite o acceso a través de internet á información publicada e a sede electrónica correspondente
 - c. O sistema de identificación mediante selo electrónico utilizado para identificarse ante as Administracións Públicas
 - d. Calquera acto ou actuación realizada integramente a través de medios electrónicos por unha Administración Pública.

13. O artigo 138.2 da Constitución española establece que as diferencias entre os Estatutos das distintas Comunidades Autónomas non poderán implicar:
- a. Privilexios económicos ou sociais, salvo que se recollan nunha lei
 - b. Privilexios fiscais ou sociais, en ningún caso
 - c. Privilexios de ningún tipo, en ningún caso
 - d. Privilexios económicos ou sociais, en ningún caso
14. A Escala de Administración Especial dos funcionarios da Administración Local que non teñen habilitación de carácter nacional, divídese nas seguintes Subescalas:
- a. Técnica, Auxiliar e de Servizos Especiais.
 - b. Técnica, Auxiliar e Subalterna.
 - c. Técnica, Administrativa e Auxiliar.
 - d. Técnica e de Servizos especiais.
15. De acordo con a Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos, considérase infracción moi grave:
- a. A utilización dos datos para unha finalidade que non sexa compatible coa finalidade para a cal foron recolleitos, sen contar co consentimento do afectado ou cunha base legal para iso
 - b. O incumprimento de suprimir os datos dunha persoa falecida cando iso fose esixible
 - c. Dispoñer dun rexistro de actividades de tratamento que non incorpore toda a información esixida
 - d. O incumprimento da obrigaón de notificación relativa á rectificación de datos persoais

16. Cal destes dereitos e liberdades non se consideran pola Constitución Española como fundamental?
- a. Liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto.
 - b. Dereito a elixir libremente a súa residencia e a circular por todo o territorio nacional.
 - c. Dereito de asociación.
 - d. Dereito á propiedade privada e á herdanza.
17. En que ano se aprobou a Ordenanza de normalización lingüística da Deputación de Pontevedra?
- a. 2021
 - b. 2015
 - c. 1999
 - d. 1989
18. Cal destas medidas se propón no Plan xeral de normalización da lingua galega para a Administración local?
- a. Establecer que nos pregos de condicións e concursos se inclúa de oficio a cláusula de que "as ofertas e estudos técnicos que se acompañen deberán, polo menos, estar redactados en galego"
 - b. Establecer conexión permanente da EGAP co TERMIGAL e cos demais centros que traballan en terminoloxía lingüística
 - c. Establecer programas de formación nos que se incorpore a capacitación lingüística, a cultura galega e o réxime xurídico do uso das linguas
 - d. a e c son correctas
19. Cal é o marco legal para a política lingüística en Galicia?
- a. A Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística
 - b. O estatuto de autonomía
 - c. O Plan xeral de normalización da lingua galega
 - d. a e c son correctas

20. Cal é a lingua dos procedementos da Administración xeral do Estado nunha comunidade autónoma con lingua oficial, cando están implicadas varias persoas interesadas e hai discrepancias canto á lingua?

- a. Castelán en todo o procedemento
- b. Castelán, mais documentos e testemuños poden ser expedidos na cooficial a petición da persoa interesada
- c. A Administración decide cal das linguas oficiais, neste caso
- d. A Administración decide sempre que sexa na cooficial, neste caso

21. A interposición lingüística significa...

- a. Que nunha situación de diglosia, a lingua A se interpón entre a lingua B e demais linguas
- b. Que nunha situación de diglosia, a lingua A se interpón entre a lingua B e variantes desta
- c. Redución da autonomía lingüística da lingua A
- d. As respostas a e b son correctas

22. As variedades da lingua relacionadas coas situacións de uso, coñécense co nome de:

- a. Diastráticas
- b. Diatópicas
- c. Estándar
- d. Ningunha das respostas é correcta

23. A interferencia lingüística é...

- a. Un caso de agramaticalidade
- b. Un modo de cambio lingüístico
- c. Débese a unha lingua estranxeira
- d. Todas as respostas son correctas

24. Cal é o nome da aplicación en liña proporcionada pola Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia que facilita a revisión lingüística de textos e ofrece alternativas para un uso non sexista da linguaxe?

- a. Amica
- b. Hipatia
- c. Exeria
- d. Ningunha das respostas é correcta

25. Segundo a *Guía de comunicación inclusiva da Deputación de Pontevedra*, as principais recomendacións na escrita son:

- a. O uso do feminino ou masculino segundo a persoa
- b. A modificación da redacción e o uso de pronomes sen marca de xénero
- c. A convivencia dos dous xéneros gramaticais e o emprego das dobres formas
- d. Todas as respostas son correctas

26. Cando, dentro da análise do contexto lingüístico, nos referimos aos elementos que nos dan a entender o tipo de relación que existe entre o emisor e o receptor, estémonos a referir a:

- a. Conectores diafásicos
- b. Deícticos fáticos
- c. Deícticos sociais
- d. As respostas a e c son correctas

27. Sinala a resposta acertada:

- a. Texto e contexto requírense mutuamente. O texto é un enunciado escrito que informa sobre unha idea. O contexto depende do sentido que se lle queira dar a esa información
- b. O contexto é a contorna lingüística da que dependen o texto e o sentido que lle queiramos dar á información. O contexto é o discurso que expresa un texto

- c. Texto e contexto son elementos do acto comunicativo que se requiren mutuamente. O contexto faise presenza no texto; del depende o sentido dunha palabra, frase ou fragmento determinados
- d. Texto e contexto materialízanse no subtexto

28. Características que se han de procurar na redacción administrativa:

- a. Precisión, sinxeleza, simplificación, clareza e obxectividade
- b. Xerarquización, impersonalidade, distancia e concisión
- c. Precisión, impersonalidade, cohesión e subxectividade
- d. Orde, precisión, xerarquización, impersonalidade e subxectividade

29. No *Manual básico de documentación administrativa e xurídica* da Xunta de Galicia establécense unhas pautas de mellora na redacción dos documentos. Unha delas é a "democratización da linguaxe", para o que se propón:

- a. Personalizar os documentos, reducir o uso de fórmulas de tratamento e adecualo a cada contexto, e evitar a linguaxe sexista
- b. Empregar unha linguaxe moi coidada e de rexistro alto, corrección gramatical e léxica e estruturación sintáctica
- c. Desenvolver o contido de forma coherente e progresiva, eliminar os datos superfluos e ordenar visualmente o texto, e empregar as unidades textuais
- d. Manter todos os elementos necesarios para comprender o texto e empregar correctamente os signos de puntuación

30. O documento no que se comunica información oficial a outras entidades públicas ou cidadanía é...

- a. A dilixencia
- b. A notificación
- c. O oficio
- d. Ningunha das anteriores respostas é correcta

31. Se nun documento administrativo hai fórmulas de saúde no corpo do documento, que orde se debe seguir no peche?
- a. A sinatura (rúbrica, nome e apelidos e cargo) e o lugar e a data
 - b. O lugar, a data e a sinatura (rúbrica, nome e apelidos e cargo)
 - c. O lugar, a data e a sinatura (cargo, rúbrica e nome e apelidos)
 - d. A sinatura (cargo, rúbrica e nome e apelidos) e o lugar e a data
32. Como debe ser a progresión no proceso de corrección dunha publicación?
- a. Corrección de contido, corrección ortotipográfica, corrección de estilo, corrección de primeiras probas...
 - b. Corrección de estilo, corrección de contido, corrección ortotipográfica, corrección de primeiras probas...
 - c. Corrección de contido, corrección de estilo, corrección ortotipográfica, corrección de primeiras probas...
 - d. Corrección de contido, corrección ortotipográfica, corrección de primeiras probas, corrección de estilo...
33. Dentro do proceso de tradución de textos, de que é un principio "non erixir en norma as preferencias persoais"?
- a. Da revisión.
 - b. Da exposición.
 - c. É un procedemento de revisión, non un principio.
 - d. a e b son correctas.

34. Cal das seguintes afirmación sobre a revisión cruzada aplicada á tradución é correcta?
- a. É a que se realiza entre varias persoas, xeralmente un grupo multidisciplinar composto por persoas terminólogas especialistas nun determinado campo, a clienta ou o cliente, a tradutora ou o tradutor etc.
 - b. É a que se emprega cando hai diverxencias de opinión entre clienta ou cliente e tradutora ou tradutor, coa finalidade de que a persoa revisora perita valore e certifique a calidade dunha tradución.
 - c. Consiste en ler o texto de chegada completo, coma se se tratase dun texto de orixe, coa finalidade de detectar erros e verificar a súa calidade, e comprobando o texto orixinal en caso de dúbida.
 - d. Realízase entre dúas persoas; unha que vai lendo o texto de chegada e outra que comproba a versión orixinal.
35. A que nos referimos cando na corrección de probas falamos de “caixa alta” ou caixa baixa”?
- a. Minúscula e maiúscula, respectivamente.
 - b. Maiúscula e minúscula, respectivamente.
 - c. Erro na maquetación provocado pola superposición de liñas (superior na inferior ou viceversa).
 - d. Tamaño de letra diferente ao do resto do texto (maior ou menor, respectivamente).
36. Cal das seguintes locucións ou frases feitas utilizadas nos documentos administrativos non é correcta en galego?
- a. a teor de.
 - b. a cotío.
 - c. no tempo e na forma.
 - d. danos e perdas.

37. Se nun documento administrativo hai fórmulas de saúdo no corpo do documento, que orde se debe seguir no peche?
- Sinatura (rúbrica, nome e apelidos e cargo) e lugar e data.
 - Lugar e data e sinatura (rúbrica, nome e apelidos e cargo).
 - Lugar e data e sinatura (cargo, rúbrica e nome e apelidos).
 - Sinatura (cargo, rúbrica e nome e apelidos) e lugar e data.
38. Cales dos seguintes elementos son obxecto da corrección de estilo pero non da ortotipográfica?
- Recursos tipográficos (coma cursivas, maiúsculas e negras).
 - Liñas illadas (viúvas e orfas).
 - Retrousos e repeticións.
 - Numeracións.
39. Cal foi o primeiro dicionario da lingua galega?
- O de Eugenio Reguera e Pardiñas.
 - O de Juan Sobreira Salgado.
 - O de Eladio Rodríguez.
 - O de Francisco Javier Rodríguez.
40. Cal dos seguintes recursos en liña non foi creado polo grupo de investigación Tecnoloxías e Aplicacións da Lingua Galega (TALG) da Universidade de Vigo?
- Corpus Técnico do Galego.
 - Corrector ortográfico en liña do galego (OrtoGal).
 - Dicionario de dicionarios ou corpus lexicográfico dá Lingua Galega (DdD).
 - Dicionario de pronuncia da Lingua Galega.

41. En que ano se aprobou o Regulamento para un uso inclusivo das linguaxes da Deputación de Pontevedra:
- 2000.
 - 2017.
 - 2023.
 - 2010.
42. Como lle chamamos á propiedade dun texto que reflexa a adaptación deste á situación comunicativa, ao contexto, ao receptor e á finalidade da comunicación?
- Coherencia.
 - Adecuación.
 - Corrección.
 - Cohesión.
43. Escolle a opción correcta no español actual:
- El ingenioso hidalgo Don Quijote de la Mancha.*
 - "El Ingenioso Hidalgo Don Quijote de la Mancha".
 - El ingenioso hidalgo don Quijote de la Mancha.*
 - "El ingenioso hidalgo don Quijote de la Mancha".
44. Segundo José Martínez de Sousa, que diferencia un libro de estilo dun manual de estilo da lingua?
- Un libro de estilo é descritivo, un estudo que explica os seus fundamentos e realización en función do contexto, mentres que un manual de estilo é normativo, fixa regras.
 - Un libro de estilo é normativo, fixa regras, e un manual de estilo é descritivo, un estudo que explica os seus fundamentos e realización en función do contexto
 - Son sinónimos en todos os casos e utilízanse indistintamente.
 - Tecnicamente, "libro de estilo" é o único termo que debería utilizarse.

45. Que combinación de teclas utilizamos para activar a función de contar palabras en Microsoft Word?

- a. Ctrl + Mayus + H.
- b. Ctrl + Mayus + W.
- c. Ctrl + Mayus + G.
- d. Ctrl + Mayus + C.

46. Que é OmegaT?

- a. Unha ferramenta de tradución automática estatística.
- b. Unha ferramenta de tradución automática directa baseada en regras.
- c. Unha ferramenta de tradución asistida por ordenador.
- d. Unha ferramenta de tradución automática que utiliza o sistema de interlingua.

47. Que universidade galega desenvolveu o Corpus Técnico do Galego?

- a. A Universidade da Coruña.
- b. A Universidade de Vigo.
- c. A Universidade de Santiago.
- d. É un proxecto no que traballan as tres universidades.

48. O seguinte exemplo de referencia directa ao autor dentro do texto, "Kierkegaard (1999: 73-96)", que tipo sistema sobre citas e referencias bibliográficas segue?

- a. Sistema Vancouver.
- b. Sistema Harvard.
- c. Norma UNE 50-134-94.
- d. Ningunha das respostas é correcta.

49. Cal das seguintes palabras é un exemplo de prefixación?

- a. beleza
- b. descontento
- c. maravilloso
- d. lavalouza

50. Cal destas palabras é un cultismo?

- a. sangue
- b. capítulo
- c. noite
- d. irmán

51. Cal das seguintes oracións evita interferencias sintácticas e morfolóxicas propias do castelán e respecta as estruturas propias do galego estándar?

- a. A miña curmá casou moi nova.
- b. Gustaríame que virías connosco á excursión.
- c. A miña irmá casouse hai unha semana.
- d. Espero que che diga a verdade cando che vea.

52. Cal das seguintes opcións contén dous adxectivos?

- a. neno, xoguete
- b. casa, fermosa
- c. alto, simpático
- c. correr, veloz

53. En cal das opcións aparece un verbo en infinitivo?

- a. bebía
- b. correr
- c. corría
- d. corrín

54. Cal das seguintes palabras é un adverbio de tempo?

- a. ben
- b. hoxe
- c. preto
- d. alto

55. Cal das seguintes palabras funciona como pronome persoal?

- a. o
- b. miña
- c. nós
- d. ese

56. Que palabra é un determinante demostrativo?

- a. esta
- b. ela
- c. con
- d. rápido

57. Cal destas opcións contén unha preposición?

- a. rápido
- b. ben
- c. entre
- d. que

58. Que palabra funciona como conxunción copulativa?

- a. ou
- b. pero
- c. se
- d. e

59. En "O rapaz correu rápido", cal é o sintagma verbal?

- a. o rapaz
- b. correu rápido
- c. rápido
- d. correu

60. Cal das seguintes opcións é un sintagma preposicional?

- a. moi alto
- b. con alegría
- c. casa branca
- d. fóra

61. Cal é unha oración composta por coordinación?

- a. Chove e fai frío.
- b. Estudou e aprobou.
- c. Estudou porque quería aprobar.
- d. Cando chegou, marchou.

62. Indica cal das opcións incorpora un conector que introduce adecuadamente unha consecuencia nun texto expositivo en galego normativo:

- a. A pesar diso, decidimos continuar a actividade.
- b. De feito, a experiencia foi moi enriquecedora.
- c. Por tanto, debemos revisar o procedemento seguido.
- d. En cambio, a situación mellorou considerabelmente.

63. Cal dos seguintes xentilicios corresponde á cidade de Ourense?

- a. orensán
- b. ourensán
- c. ourensano
- d. aurense

64. Tendo en conta o establecido na Lei 3/1983 de normalización lingüística, os decretos sobre toponimia oficial e as recomendacións do Seminario de Onomástica da RAG, cal das seguintes oracións emprega correctamente os topónimos galegos en contexto institucional?

- a. O convenio foi asinado polos alcaldes de La Estrada, Orense e Vigo.
- b. As xornadas desenvolveranse en Carballiño, Santiago e na vila pontevedresa de La Guardia.
- c. A comitiva oficial visitará As Pontes de García Rodríguez, Ferrol e La Coruña, segundo o programa inicial.
- d. A comitiva oficial visitará As Pontes de García Rodríguez, Ferrol e A Coruña, segundo o programa inicial.

65. Sinala a resposta que conteña algunha incorrección lingüística:

- a. Cando queiras podes vir coa túa irmá para gozardes da natureza na aldea que xa coñecestes o pasado verán.
- b. Cando queirades podedes vir ti e máis a túa irmá para pasardes os días das festas patronais na aldea.
- c. Cando queirades podedes vir ambas as dúas para pasardes a fin de semana con nós e esquecervos da cidade.
- d. Se o queredes podedes vir pasar uns días na aldea e convertelos nas mellores vacacións da órbita mundial.

66. Indica cal das seguintes respostas é correcta lingüisticamente:

- a. Non fago máis ca rezar por que regresen cedo
- b. De súpeto din un salto e peguei un berro
- c. Os barcos de baixura pescan linguados, ollomois, rodaballos...
- d. Hai tan pouca auga que non cubre os penedos

67. Cal das seguintes consideracións é real canto ás publicacións da Editorial da Deputación de Pontevedra:

- a. A Editorial da Deputación de Pontevedra deberá atender prioritariamente as temáticas destinadas ao público infantil.
- b. A Editorial da Deputación de Pontevedra non deberá atender ningunha temática especialmente sobre outra, senón segundo vaian xurdindo.
- c. A Editorial da Deputación de Pontevedra deberá atender especialmente aquelas temáticas que, sendo de interese, non adoitan ser atendidas polas editoriais privadas.
- d. Todas aquelas temáticas que sexan de actualidade.

68. Sinala a afirmación que non é correcta:

- a. Na Editorial da Deputación de Pontevedra a persoa autora dunha publicación cederá os dereitos de dita publicación unicamente para esa edición concreta.
- b. Na Editorial da Deputación de Pontevedra a persoa autora dunha publicación cederá os dereitos para ese título, que desde entón poderá ser reeditado pola Deputación de Pontevedra tantas veces esta considere facelo.
- c. Na Editorial da Deputación de Pontevedra a persoa autora dunha publicación cederá os dereitos para a publicación en papel, podendo recibir en compensación unha porcentaxe dos exemplares editados.
- d. Na Editorial da Deputación de Pontevedra a persoa autora dunha publicación terá dereito a volver editar esa mesma publicación pola súa conta fóra da Deputación tantas veces desexe.

69. Sinala cal dos seguintes termos é un acrónimo:

- a. CELGA
- b. CAU
- c. RAG
- d. ATS

70. Indica cal das seguintes afirmacións é correcta:

- a. A difusión e distribución das publicacións da Editorial da Deputación de Pontevedra é maioritariamente gratuíta.
- b. Toda a produción bibliográfica da Editorial da Deputación de Pontevedra é distribuída a través da Editorial Galaxia no ámbito galego.
- c. Todas as publicacións da Editorial se distribúen a través de distintas axencias de distribución comercial en todo o territorio nacional
- d. O beneficio económico da distribución comercial dos exemplares editados cubrirá unicamente os gastos de produción que conleve dita publicación.

71. Sinala cal das seguintes respostas contén algún erro lingüístico:
- a. A maioría dos xornais inclúen anuncios abondos en case que todas as súas páxinas.
 - b. Os anuncios son mensaxes nas que unha empresa ou alguén particular ofrece ou solicita un produto ou acción.
 - c. Entre toda esta xente pódense distinguir dalgunha maneira aquela persoa que sería apropiada para asistir a dito evento
 - d. Quen son definitivamente as que queren asistir á presentación da relatoría?
72. Cal das seguintes respostas é correcta:
- a. A cuberta e a contracuberta dun libro coñécense tamén como “carátula”.
 - b. O que une a cuberta coa parte interior do libro é a guarda.
 - c. A solapa é a parte que une a cuberta coa parte interior do libro
 - d. A bibliosmia é a arte de encolar o lombo dos libros para encaixar a cabezada.
73. Canto tempo duran os dereitos patrimoniais dunha persoa autora en España tras a súa morte?
- a. 25 anos
 - b. 50 anos
 - c. 60 anos
 - d. 70 anos
74. Sinala a afirmación incorrecta no tocante ao libro dixital e a súa accesibilidade on line:
- a. Facilitará a inclusión e a igualdade no acceso á información.
 - b. Está destinado ás persoas que non presenten dificultades para acceder a el.
 - c. Deberá conter descrições alternativas para os elementos non textuais (imaxes, gráficos...) para proporcionarlles o contexto ás persoas usuarias que poidan ter dificultades.
 - d. Deberá poder ser lido por público usuario con dificultades auditivas, visuais, de aprendizaxe e outras.

75. No que se refire ao recoñecemento normativizado de calidade das publicacións académicas ou no ámbito da investigación, sinala a resposta correcta:

- a. Unha vez que se obtivo, o selo de calidade CEA-APQ en edición académica para monografías é válido durante 15 anos, período tras o cal hai que renovar a avaliación do selo.
- b. Unha vez que se obtivo, o selo de calidade CEA-APQ en edición académica para coleccións é válido de maneira permanente.
- c. Unha vez que se obtivo, o selo de calidade CEA-APQ en edición académica para monografías é válido durante 10 anos, período tras o cal hai que renovar a avaliación do selo.
- d. Unha vez que se obtivo, o selo de calidade CEA-APQ en edición académica para coleccións é válido durante 5 anos, período tras o cal hai que renovar a avaliación do selo.

76. Indica cal das seguintes afirmacións é correcta:

- a. Fóra das plataformas de autoedición como Amazon, Lulu,... a tramitación do código ISBN é totalmente gratuíta.
- b. Tanto o ISBN, ISSN e DOI tramítanse actualmente a través da International Digital Library
- c. O DOI xestiónase a través da Rede de axencias rexistradoras de DOIs.
- d. O ISSN é un código de 13 díxitos para identificar as edicións monográficas.

77. Os textos xerados por IA que requiren de posedición por parte de persoa especialista adoitan presentar a seguinte característica:

- a. Exceso de creatividade e linguaxe literaria complexa.
- b. Uso excesivo de tecnicismos correctamente aplicados.
- c. Estrutura lóxica dificilmente sostida en textos longos.
- d. Nivel de precisión semántica superior ao da edición humana

78. O depósito legal:

- a. Contribúe por medio do pagamento desta tramitación ao mantemento das bibliotecas públicas
- b. Garante a conservación do patrimonio bibliográfico, sonoro, visual e dixital.
- c. Controla o número de publicacións á venda no país.
- d. Obtén estatísticas de venda de libros.

79. Cal é a principal diferenza entre unha sigla e un acrónimo?

- a. As siglas pronúncianse como unha palabra e os acrónimos letra por letra.
- b. Só se diferencian por representar institucións ou conceptos técnicos.
- c. As siglas pronúncianse letra por letra e os acrónimos como unha soa palabra.
- d. Non hai diferencias

80. Cando nace o dereito de autoría sobre unha obra?

- a. No momento da creación da obra orixinal
- b. Ao ser rexistrada no Rexistro da Propiedade Intelectual
- c. No momento da súa publicación oficial
- d. No momento no que se tramita na SGAE

RESERVAS

81. O artigo 138.2 da Constitución española establece que as diferencias entre os Estatutos das distintas Comunidades Autónomas non poderán implicar:

- a. Privilexios económicos ou sociais, salvo que se recollan nunha lei
- b. Privilexios fiscais ou sociais, en ningún caso
- c. Privilexios de ningún tipo, en ningún caso
- d. Privilexios económicos ou sociais, en ningún caso

82. É obrigatorio cumprir co disposto na Carta europea das linguas rexionais e minoritarias, aprobada polo Consello de Europa en 1992?
- a. Si, sen excepción de ningún membro do citado Consello
 - b. Non, pero en caso de ratificala, o Estado comprométese con todas as linguas que no seu territorio se falen
 - c. Non; o Estado adhírese libremente e escolle as linguas coas que se compromete e o grao de aplicación de medidas
 - d. Si, pero o Estado ten a posibilidade de escoller as linguas coas que se compromete e o grao de aplicación de medidas
83. Aprobado o proxecto de Estatuto de Autonomía pola Asemblea de Parlamentarios conforme ao artigo 151 da Constitución Española, remitírase:
- a. Á Deputación Permanente do Congreso
 - b. Á Mesa do Congreso
 - c. Á Comisión Constitucional do Congreso
 - d. Á Comisión Constituínte das Cortes
84. Cal é a función dos signos de corrección no proceso de edición?
- a. Marcar correccións na composición tipográfica.
 - b. Substituír o texto orixinal por un novo.
 - c. Eliminar a necesidade de revisión.
 - d. Aumentar a complexidade do texto
85. Nos termos que literalmente establece o art. 23.2 da Constitución Española, os cidadáns teñen dereito:
- a. A acceder en condicións de igualdade ás funcións e cargos públicos, cos requisitos que sinalen as leis.
 - b. A acceder en condicións de igualdade ás funcións e cargos públicos, en base ao disposto nas leis de función pública.
 - c. A acceder en condicións de igualdade ás funcións e cargos públicos, cos requisitos que sinalen as leis reguladoras do emprego público.
 - d. A acceder en condicións de igualdade ás funcións e cargos públicos, cos requisitos determinados na lexislación básica de emprego público.

RESPOSTAS CORRECTAS DO PRIMEIRO EXERCICIO DE PROCESO SELECTIVO PARA A
PRAZA DE TÉCNICO/A MEDIO/A DE TRADUCCIÓN, QUENDA LIBRE E RESERVADA A
PERSOAS CON DISCAPACIDADE.

1.	C	41.	B	RESERVAS	
2.	B	42.	B	81.	D
3.	A	43.	C	82.	C
4.	D	44.	B	83.	C
5.	A	45.	C	84.	A
6.	A	46.	C	85.	A
7.	B	47.	B		
8.	A	48.	B		
9.	A	49.	B		
10.	A	50.	B		
11.	D	51.	A		
12.	A	52.	C		
13.	D	53.	B		
14.	D	54.	B		
15.	A	55.	C		
16.	D	56.	A		
17.	D	57.	C		
18.	A	58.	D		
19.	A	59.	B		
20.	B	60.	B		
21.	D	61.	B		
22.	D	62.	C		
23.	D	63.	B		
24.	C	64.	D		
25.	D	65.	B		
26.	C	66.	A		
27.	C	67.	C		
28.	A	68.	B		
29.	A	69.	A		
30.	C	70.	A		
31.	A	71.	C		
32.	C	72.	B		
33.	A	73.	D		
34.	C	74.	B		
35.	B	75.	D		
36.	B	76.	C		
37.	A	77.	C		
38.	C	78.	B		
39.	D	79.	C		
40.	D	80.	A		